

CÉZANNE E EU

[Danièle Thompson, 2015]

276

ESTREA EN NUMAX: 18.08.2017 | V.O.S.E.

Cézanne et moi (2015, 114')

Dirección: Danièle Thompson

Guión: Danièle Thompson

Elenco: Guillaume Gallienne, Guillaume Canet, Déborah François, Alice Pol, Alexia Giordano, Sabine Azéma, Isabelle Candelier, Laurent Stocker, Hugo Fernandes, Tamara Vittoz

Son: Matthieu Michaux

Música: Éric Neveux

Montaxe: Sylvie Landra

Fotografía: Jean-Marie Dreujou

Dirección de arte: Stephanie Angrand

Vestiario: Catherine Letierrier

Produtora: G Films (Francia)

Distribuidora: VerCine

Formato de proxección: DCP2K 2.39:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Des gens qui s'embrassent, 2013

Cena de amigos, 2009

Patio de butacas, 2006

Jet Lag, 2002

Cena de Navidad, 1999

SINOPSE

O escritor Émile Zola e o pintor do post impresionismo Paul Cézanne comezan a súa amizade nunha escola da Provenza. Os seus camiños seguen unidos en París, onde exercen o seu labor profesional. Zola, orfo e sen un can, decide valer-se da burguesía á que tanto atacou de novo para dar o seu gran salto á literatura. Cézanne rexeita toda vida social para centrarse na súa obra.

«Retrato electrificante,
mordaz e desmitificador
do axitado mundo da arte
parisina a finais do século XIX»

Stephen Holden THE NEW YORK TIMES



«As historias de amizade poden ser fondas, dolorosas e ambiguas»

Entrevista con Danièle Thompson

Como pensaches en rodar esta historia, tan diferente aos teus anteriores filmes, todos comedias?

Hai quince anos lin un artigo sobre como Cézanne e Zola foron amigos desde a infancia, ata que se foron separando ao medrar. Debo admitir que nunca oíra nada sobre esta relación. Intrigoume. Empecei a ler biografías sobre eles. Relín textos de Zola que esquecera, mirei pinturas de Cézanne que non coñecía. Hai un elemento dramático nesta separación que vai máis aló da mera anécdota. Cada vez que remataba un filme, quería intentar contar esta historia, pero dicíanme «non, fai unha comedia. É o que sabes facer» (...) Por puro pracer somerxinme nas vidas de Cézanne e de Zola, sen saber que atoparía un tema para este filme. Lin e lin, tomei milleiros de notas. Estaba absolutamente fascinada por todo o que lía, todo o que estaba aprendendo.

Por que? Porque estaba entrando no corazón destas persoas, na súa xuventude. Cando falamos sobre Cézanne, Hugo ou Renoir hoxe en día,

imaxinamos a extraordinarios homes maiores de pelo branco. Pero descubrín mozos no seu camiño por converterse en algo.

Que te comoveu máis desa historia, da relación entre Cézanne e Zola?

Todo. A historia ten moitos niveis e iso é o que me fascina. É sobre dous amigos que a través das súas vidas intentan conservar os seus amigos da infancia, que xa non o son. Como din no filme, a amizade é máis difícil que o amor. Porque non hai regras ou definicións precisas. As historias de amizade poden ser fondas, dolorosas e ambiguas tamén. (...) Que pasa cando un ten éxito e o outro non? Cando un pode admirar a outro, pero non ao revés. O que é interesante son estes destinos que se van cruzando. Un fillo de pais pobres que se converte nun burgués rico, establecido e recoñecido. O fillo da riqueza, de pais burgueses, que acaba marxinado pola pobreza, polo seu estilo de vida bohemio, non se dedica a nada máis que as súas pinturas, vive cunha muller coa que non podería casar. A súa única obsesión é a arte. E cando un se pregunta se a súa inspiración non acabará, o outro empeza a ser recoñecido.

Convérteste en prisioneira de verdade cando retratas a xente famosa que existiu? Claro, por suposto. Cando estaba investigando preguntábame se podería tomarme suficientes liberdades ao facer o filme. Pero resulta que unha das explicacións máis plausibles sobre

esta ruptura é a propia novela de Zola *A obra*. A inspiración de Zola foi Cézanne, a súa xuventude e amizade, obsesións e discusións. Pero el tamén fixo o que fan os novelistas coa verdade creando situacións que non era verdade completamente. Se el podía tomar esas liberdades, eu tamén.

Como traballaches cos actores? Unha boa parte do guión está baseada nas súas diferencias. Son os meus actores e vía moi ben que podía sacar de cada un. O que me encantou foi cando o filme estaba rematado e llo ensinei a cada un por separado, os dous estaban emocionados co outro, como se estiveran tan metidos nos seus personaxes que non se viran a si mesmos. Ademais, ámbolos dous son directores. Non quería pensar moito sobre iso ou teríame bloqueado. De feito, tiña dous actores que eran bos escoitando, e estaban nerviosos de arriscarse.

A estrutura do filme é dispersa, case impresionista. Era así no guión?

Si, co encontro en Médan que servía como fío condutor. Cando estabamos montando as escenas, o final non era exactamente o mesmo. Traballei moito coa miña montadora, Sylvie Landra. Case reescribimos o filme na montaxe. Ese é o misterio e a beleza dese proceso.

Entrevista publicada en lahiguera.net
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Soy Cézanne. Dos películas de J.-M. Straub y D. Huillet sobre las Conversaciones con Cézanne de J. Gasquet, Jean-Marie Straub e Danièle Huillet. Intermedio [DVD]

Leer la naturaleza, Paul Cézanne. Casimiro, 2014

Correspondencia, Paul Cézanne. Antonio Machado, 1991

Lettres sur Cézanne, Rainer Maria Rilke. Seuil

Cézanne, Eugenio D'Ors. Acantilado, 1999

Vida privada de los impresionistas, Sue Roe. Turner, 2008

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX